

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 18/01/2021
(Extracto en <http://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

ARGIMIRO SERÉN MERA

LINO MOURIÑO SANTIAGO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

MATILDE LAYA LORENZO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 18/01/2021 reuníronse no Salón de plenos, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

SECRETARIA

MARIA ROSARIO GONZÁLEZ PACIOS

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 11 de xaneiro de 2021, que se aprobou por unanimidade.

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

RÉXIME INTERIOR

PRP2021/0091

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Pablo Jueguen García para a planificación, mantemento, creacion de contidos dos perfís oficiais de Facebook e Instagram, por un importe total de 14.520,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 926.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/0092

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar orzamento presentado por Grupo Radio Pontevedra para a emisión dunha cuña diaria de publicidade no informativo "Hora 14 Arosa", de luns a sábados para os vindeiros seis meses, por un importe de 400 €/mes (+IVE), sendo o importe polos seis meses de 2.400 € (+IVE), dando un orzamento total, IVE incluído, de 2.904,00 € (de xaneiro a xuño), con cargo á partida 926.22641.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/0093

Dáse conta do Decreto da Presidencia da Xunta de Galicia do 8 de xaneiro de 2021, polo que se

modifica o Decreto 202/2020, do 3 de decembro de 2020 do Prsidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas pola COVID-19. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2021/0094

Dáse conta da Orde da Consellería de Sanidade do 8 de xaneiro de 2021, polo que se modifica o Decreto 202/2020, do 3 de decembro de 2020, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2021/0095

Dáse conta da Resolución do 23 de decembro de 2020, do Instituto Galego da Vivenda e o Solo, pola que se establecen as bases reguladoras aplicables á concesión das subvencións para rehabilitar edificacións e vivendas de titularidade municipal con destino ao alugamento social. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2021/0097

Dáse conta da Orde do 18 de decembro de 2020 da vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2021/0098

Dáse conta da Orde do 18 de decembro de 2020 da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións destinadas á creación de viveiros industriais de empresas en parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria paara o ano 2021. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2021/0104

Dáse conta de escrito presentado por Juan Carlos Platis Cores solicitando autorización para ocupación de vía na rúa Alcalde Rei Daviña o día 16-01-2021, para expoñer tres figuras a tamaño Real.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora, e acorda comunicarlle ó Sr. Platis Cores que en futuras ocasións deberá solicitar a ocupación do dominio público con alo menos 3 semanas de antelación.

PRP2021/0082

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas (Mellora Rural), a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Autonomoción La Junquera para a reparación do vehículo matrícula 5479-GJC adscrito ao citado Servizo, por un importe total de 825,49€ (IVE incluído),

con cargo á partida 454.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/0107

Dáse conta da orde do 13 de xaneiro de 2021 da Consellería de Sanidade pola que se modifica a Orde do 3 de decembro de 2020, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica do COVID-19 na Comunidade Autónoma e Galicia. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2021/0108

Dáse conta do Decreto do 13 de xaneiro da Presidencia da Xunta de Galicia polo que se modifica o Decreto 202/2020, do 3 de decembro de 2020 do presidente da Xunta de Galicia polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria da COVID-19. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

RECURSOS HUMANOS

PRP2021/0100

Dáse conta do convenio específico para o desenvolvemento da formación en centros de traballo entre o IES Armando Cotarelo Valledor e o Concello de Vilagarcía de Arousa.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a formalización de práctica académica externa da alumna Florencia Romina Mesa Morada, por un período de 410 horas, dende o 13-01-2021 ata o 25-03-2021, cunha aportación económica bruta mensual por parte do Concello de 180,00 €.

Dar conta ao Negociado de Recursos Humanos.

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2021/0069

Dáse conta da resolución de transferencia finalista para o cofinanciamento dos Servizos Sociais comunitarios Municipais (PLAN CONCERTADO 2020) en concepto de persoal e SAF Básico, ao abeiro do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Total asignado: 261.144,80 €

Total asignado descontado remanente: 257.829,49

- 1º Anticipo xa librado no 1º cuatrimestre: 72.281,42 €

- Liquido a percibir (2º anticipo): 185.548,07 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

EMPREGO

PRP2021/0102

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de

decembro de 2020 de recoñecemento de obrigación a favor de ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL ABERTO DE VILAGARCÍA ZONA ABERTA en concepto de subvención nominativa por importe de 15.000,00 €, figurando no mesmo:

.... con cargo á partida 4311.48501.

E debendo figurar:

.... con cargo á partida 4311.48002.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

PRP2021/0070

Vista a proposta da Directora do Obradoiro de Emprego "Forme 20", a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por PEYCAR PONTEVEDRA SL para o subministro de roupa de traballo para as dúas especialidades do Obradoiro de Emprego Forme 20, por un importe total de 1.936,24 € (IVE incluído), con cargo á partida 2412.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/0071

Vista a proposta da Directora do Obradoiro de Emprego "Forme 20", a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Antonio Fontenla Martínez para a impartición do curso de manipulador de alimentos para a especialidade de "Atención Sociosanitaria do Obradorio de Emprego Forme 20", por un importe total de 125,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 2412.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/0072

Vista a proposta da Directora do Obradoiro de Emprego "Forme 20", a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Espacio do Lector SL para o subministro de material de oficina e papelería para as dúas especialidades do Obradoiro de Emprego Forme 20, por un importe total de 699,11 € (IVE incluído), con cargo á partida 2412.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/0081

Vista a proposta da Directora do Obradoiro de Emprego "Forme 20", a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. José Antonio Cuevas Rivas, para a revisión eléctrica do taller de Carpintería do Obradoiro de Emprego Forme 20, por un importe total de 278,30 € (IVE incluído), con cargo á partida 2412.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/0041

Dase conta da Resolución recaída no Expte. TR351B 2020/11-5 da Consellería de Emprego e Igualdade con entrada neste concello o 7 de xaneiro de 2021 pola que se concede unha subvención para cubrir parte dos custos salariais da Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, Mar Caramés Moreira.

A subvención financia o 32,92% dos custos salariais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos.

O importe da subvención ascende a 14.613,52 Euros, segundo a Orde de 15 de outubro de 2020 pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2020.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2021/0033

Vista a proposta da Directora do Obradoiro de Emprego "Forme 20", a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por CLECE SA para o servizo de limpeza das instalacións do Obradoiro de Emprego Forme 20, do 11 de xaneiro ao 27 de decembro de 2021 (luns, mércores e venres), por un importe de 297,53 € /mes (IVE incluído), con cargo á partida 2412.22199.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2021/0088

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música e do Concelleiro de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a solicitude de subvención á Deputación Provincial de Pontevedra, ó abeiro das Bases Reguladoras e a Convocatoria do Plan Concellos 2021 (Liña 2), publicadas no BOP nº 1 de 4 de xaneiro de 2021, enmarcado na Base Oitava, Liña 2: Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes; para o programa gasto corrente novo para "Gastos de limpeza e aseo e enerxía eléctrica do Conservatorio Profesional de Música", por un importe de 18.181,00 €
- Aprobar a memoria descriptiva e valorada do gasto corrente novo: Limpeza e aseo e enerxía eléctrica do Conservatorio Profesional de Música Plan de obras e Servizos (Plan Concellos 2021)

PRP2021/0090

Vista a proposta da Escola de Música e do Concelleiro de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a solicitude de subvención á Deputación Provincial de Pontevedra, ó abeiro das Bases Reguladoras e a Convocatoria do Plan Concellos 2021, publicadas no BOP nº 1, do 4 de xaneiro de 2021, para afrontar o Gasto Corrente Novo: Limpeza da Escola Municipal de Música por un importe de 9.500,00 €:Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes, dentro da Liña 2.
- Aprobar a memoria descriptiva e valorada do gasto corrente novo: Limpeza Escola Municipal de Música Plan de obras e Servizos (Plan Concellos 2021) base 8ª.

PRP2021/0096

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Servicios Técnicos Integrados del Noroeste SL para o servizo de mantemento de equipamento informático para o Conservatorio Profesional de Música, durante o ano 2021, (10 intervencións de mantemento), por un importe total de 500,00 € (IVE incluído) (50 €/intervención), con cargo á partida 3261.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/0087

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Dona Cristina Durán Recuna para os servizos de planificación, xestión e mantemento mensual das redes sociais e páxina web do Festival Internacional de Música ClasClas para o ano 2021, por un importe total de 3.726,80 € (IVE incluído), desagregado en 11 mensualidades de 338,80 € correspondentes aos meses de xaneiro-xullo e setembro-décembro 2021, con cargo á partida 3261.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2020/4288

Vista a proposta do Servizo de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por REMOLCAR JUAN BARREIRO SL para o subministro dun remolque, de medidas exteriores caixa de 210 x 130 cm, , para traslado de maquinaria do Servizo, por un importe total de 2.238,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 170.62300.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/0113

Dáse conta do escrito da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda notificando acordo de incoacción de procedemento sancionador PO-RES-2020/118, a Xunta de Goberno Local acorda formular as seguintes alegacións:

Con data 4 de decembro de 2020 persóanse na Nave de Obras sita no Polígono Industrial de Trabanca-Badiña, dous axentes uniformados da Garda Civil (Seprona), informando que veñen requiridos por unha denuncia por vertido a un camiño municipal.

Dentro das instalación o encargado do servizo de Vías e Obras Públicas facilitou aos axentes actuantes toda a información requirida e dirixiunos ao lugar de onde proviña o vertido, un bidón onde se almacena restos da limpeza de maquinaria de asfaltado.

Os feitos producíronse como consecuencias das torrenciais chuvias que nese día sufriu a provincia de Pontevedra en xeral, e este concello de Vilagarcía de Arousa de forma moi especial. O bidón que contiña os restos indicados atópase regularmente, como se lle indicou aos axentes, nun lugar a cuberto e tapado. Ao ter que realizar labores de limpeza, a causa das intensas

precipitacións no lugar que habitualmente alberga o citado bidón, este permaneceu no exterior; como consecuencia da acumulación de auga rompeuse o cerre e ocasionou o desbordamento do líquido a unha canaleta de augas pluviais, que debido ao mal tempo e a intensidade da choiva acabou, parcialmente, na vía pública.

Nese mesmo momento o encargado do servizo cursou as ordenes oportunas para que de forma inmediata se procedese á limpeza da zona (tanto canaleta como vía pública) quedando en perfecto estado na mesma mañá.

O citado recipiente atopábase á espera, pendente de que empresa autorizada para a xestión destes residuos procedese a súa recollida, circunstancia que xa se produciu.

Este concello dispón de contrato de tratamento de residuos cona empresa Sertego Servicios Medioambientales, S.L.U. (B83667725), autorizada para este tipo de traballos, con número de autorización: SC-RP-IPPC-XV-00038

Esta denuncia, como se poderá comprobar nos arquivos desa Xefatura Territorial, é a primeira que se produce e ten como causa un fenómeno meteorolóxico adverso e que foi subsanada e limpa a zona de forma inmediata, non causando danos nin a terceiros nin a bens municipais.

Visto o que antecede, y tendo en conta a colaboración que en todo momento foi dispensada polos operarios municipais, solicítase o arquivo do procedemento sancionador PO-RES-2020/118.

TURISMO

PRP2021/0103

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de decembro de 2020 de concesión dunha subvención de 15.000 € a New Live Promociones Culturales SL para a celebración do Atlántic en Butaca, figurando no mesmo:

.... con cargo á partida 4211.470.

E debendo figurar:

.... con cargo á partida 432.479.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

PRP2020/4317

Vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Rafael Sabugueiro Sánchez para o subministro de 3 maquetas artesanais sobre patrimonio público do Concello de Vilagarcía de Arousa, por un importe total de 1.815,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 432.62300.

- Maqueta en miniatura do edificio da Casa do Concello.
- Maqueta en miniatura do edificio do Museo do Ferrocarril
- Maqueta en miniatura do edificio da Praza da Peixería.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2021/0122

Dáse conta da Resolución do 14 de decembro de 2020, da Secretaría Xeral de Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento SI461A).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

CULTURA

PRP2021/0084

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado BATA Servicios Integrales a la Comunidad, S.L., para reparto de material publicitario das actividades de carácter cultural durante o ano 2021, por importe de 2.584,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.22602.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/4764

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa OFICODE SL para o subministro de lonas (4 unidades de 900x320 cm) para utilizar como soporte publicitario co logo do Concello nas diferentes actividades que se realicen pola Concellería de Cultura, por un importe total de 1.312,85 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.62300.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CONTRATACIÓN

PRP2020/4642

Dentro do sistemas de seguridade instalados na Escola Infantil de Vilaxoán, é preciso dotar á porta con saída á rúa Miramar dun electroimán como sistema de retención que impida a apertura da citada porta excepto en casos de emerxencia.

Esta necesidade atópase xustificada por cando a devandita saída non pode estar pechada permanentemente ao tratarse dunha saída de emerxencia, e como consecuencia disto, non se pode garantir a súa apertura accidental polos nenos, co perigo que isto supón de saída ao exterior do centro escolar.

Solicitado orzamento á empresa adxudicataria do mantemento preventivo e correctivo dos sistemas de alarma de incendios e roubo/intrusión instalados nos edificios e instalación dependentes do concello de Vilagarcía, Techco Seguridad, S.L. con CIF B82929951, presente unha oferta de 646,97€ (IVE excluído).

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de subministro e instalación de electroimán de superficie de 180 kg., na Escola Infantil de Vilaxoán, á mercantil Techco Seguridad, S.L. con CIF B82929951, por un importe de 646,97€ (IVE excluído) ao que lle corresponde un IVE 21% de 135,86€, o que totaliza prezo de adxudicación de 782,83€, con cargo á partida 323.62300.

PRP2020/4640

Dáse conta da Proposta da Concellería de Urbanismo para a desagregación das partidas a executar para o soterramento das liñas aéreas do tendido eléctrico con motivo das obras de “Paseo marítimo e carril bici ata a Praia de Canelas con retranqueo da EDAR para Vilagarcía de Arousa” e adxudicación dos traballos.

Por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 15 de xuño de 2020 adxudicáronse os traballos incluídos no proxecto denominado “Paseo marítimo e carril bici ata a Praia de Canelas con retranqueo dá EDAR para Vilagarcía de Arousa”, á empresa Sergonsa Servizos, S.L. Sendo necesario o soterramento dunhas liñas eléctricas na devandita zona e postos en contacto coa empresa distribuidora, remítese a seguinte desagregación de partidas a executar por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDADE, S.A, e cuxo custo debe asumir o concello de Vilagarcía de Arousa e as que correspondería executar á empresa adxudicataria do contrato, Sergonsa, S.A. e que a seguir se relacionan:

	PARTIDAS A EXECUTAR POLO UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A	CUSTE
CAC07	M. LINEA TENSADA BT CONDUCTOR RZ 0,6/1 KV 3* 50 AL/54,6 ALM	110,66
CAC17	M. LINEA POSADA BT CONDUCTOR RZ 0,6/1 KV 2* 25 AL	10,95
CAC19	M. LINEA POSADA BT CONDUCTOR RZ 0,6/1 KV 3* 50 AL/54,6 ALM	165,00
CAC21	M. LINEA POSADA BT CONDUCTOR RZ 0,6/1 KV 3*150 AL/80 ALM	53,63
CAN09	DERIVACION RBTA	421,36
CSE02	TERMINAL RECTO ALEACION ALUMINIO (50 A 240MM2)	51,41
CSG01	DESCONEXION ACOMETIDA EN CAJA GENERAL DE PROTECCION/DERIVACION	13,15
DAA05	M. DESMONTAJE CONDUCTOR RZ AL/CU MONOFASICO O TRIFASICO HASTA 16 MM2	8,28
DAA06	M. DESMONTAJE CONDUCTOR RZ AL/CU TRIFASICO MAYOR DE 16 MM2	1.291,95
DAB03	DESMONTAJE POSTE HORMIGON INUTILIZABLE	1.495,88
AAH05	M. CABLE AISLADO PAT XZ1 AL 50 MM2	3,32
CAK01	PROTECCION PASO AEREO?SUBTERRANEO BT EN APOYO O FACHADA	453,14
CAK02	PROTECCION PASO AEREO?SUBTERRANEO ACOMETIDA BT FACHADA	80,53
CAN10	EMPALME RBTA/RBTS	527,75
CSB53	ARQUETA CANALIZACION SUBTERRANEA EN CALZADA CON LINEA EXISTENTE	1.764,81
CSD05	M. LINEA SUBTERRANEA (3F+N) BT 50 MM2 AL SC	154,93
CSD07	M. LINEA SUBTERRANEA (F+N) BT 50 MM2 AL SC	160,37
CSE02	TERMINAL RECTO ALEACION ALUMINIO (50 A 240MM2)	282,76
CSE05	DERIVACION RBT	1.457,13
DSA03	M. DESMONTAJE CABLE SUBTERRANEO 0,6/1 KV	44,17
		8.551,18 €
	PROYECTO	570,00€
	PERMISOS	3.197,17€
	TOTAL DEL GASTO A ASUMIR POR EL AYUNTAMIENTO	12.318,35€

	PARTIDAS A EXECUTAR POLO ADXUDICATARIO DO CONTRATO (SERGONSA)
CSA11	M. ZANJA EN SEMI?ROCA (0,20X0,80M)
CSA15	M. ZANJA EN SEMI?ROCA (0,40X0,80 M)

CSA16	M. ZANJA EN SEMI?ROCA (0,40X1,00M)
CSA65	M3 ZANJA NO TIPIFICADA EN SEMI?ROCA
CSB10	M. CANALIZACION CON 1 TUBO P. ROJO DE 160 MM. EN TIERRA O ARENA
CSB11	M. CANALIZACION CON 2 TUBOS P. ROJO DE 160 MM. EN TIERRA O ARENA
CSB15	M. CRUCE CALZADA CON 2 TUBOS P. ROJO DE 160 MM. HORMIGONADO
CSB49	ARQUETA 2 TAPAS EN ACERA SIN LINEA EXISTENTE
CSB54	ARQUETA CANALIZACION SUBTERRANEA EN CALZADA SIN LINEA EXISTENTE
CSC02	M2 ROTURA Y REPOSICION ACERA: CEMENTO O LOSETA HIDRAULICA
CSC06	M2 ROTURA Y REPOSICION CALZADA: HORMIGON O HORMIGON ASFALTICO EN CALIENTE
CSC09	COMPLEMENTO: M2 ROTURA Y REPOSICION ACERA: FIRME HORMIGON RC?150 DE 10CM
CSC11	COMPLEMENTO: M2 ROTURA Y REPOSICION CALZADA: FIRME HORMIGON RC?200 DE 15 CM
CSC19	M2 X CM ESPESOR FRESADO Y REPOSICION AGLOMERADO ASFALTICO EN CALIENTE SUPERFICIE >= 50M2

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aceptar a desagregación de partidas que debe executar UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA e o Concello de Vilagarcía de Arousa, dentro dos traballos de soterramento de liña eléctrica na zona da EDAR.
- 2.- Adxudicar os traballos de soterramento que legalmente debe executar a Empresa Distribuidora a UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA .(NIF: A63222533), por importe de 12.318,35€, IVE exento, con cargo á partida 165.60900.

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2021/0105

Visto o expediente de gasto derivado da relación de facturas F/2021/1 por importe de 2.658,00€. Vista o disposto na Base 21ª.2 das B.E.O 2020 prorrogadas ao exercicio 2021, pola cal enténdese por práctica administrativa contable que non requirirá do procedemento previsto na Base 21.1, nin de tramitación dun recoñecemento extraxudicial de créditos, que con cargo ás consignacións do Orzamento vixente poidan recoñecerse obrigas polo importe dos xustificantes de gasto derivados de:

- Contratos de subministro ou de servizos que sexan de tracto sucesivo e correspondan como máximo o derradeiro trimestre do exercicio inmediatamente anterior que, habitualmente, se presenta a principios do exercicio seguinte, sempre que se verifique que polo mesmo concepto non se apliquen con cargo a un mesmo orzamento máis de 12 meses naturais.
- Contratos de subministro ou de servizos para os que o seu período de facturación non sexa mensual segundo o contrato, pero o último mes do período de facturación sexa o de decembro.
- Gastos de dietas e locomoción e dietas do persoal municipal.
- Contratos menores executados con data 30/31 de decembro, e resulte materialmente imposible o seu rexistro contable no exercicio económico o que corresponden, sempre e cando a natureza e entidade económica do gasto non comprometa a finalidade do

principio de temporalidade dos créditos, aspectos que deberá valorarse pola Intervención en cada caso.

De todos os xustificantes de gasto tramitados con arreglo a esta práctica administrativa contable, se deixará constancia contable mediante o Grupo de Apuntes có Grupo de Apuntes “BASE 21ª2”..(..)”

Vista a fiscalización previa favorable da Intervención municipal incorporado o expediente.

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2021/1 por importe de 2.658,00€, coa seguinte desagregación:

REX.	Nº de Doc.	Fecha Dto.	Importe	Progr,	Econ,	Nome	Texto Explicativo
F/2021/288	13/20	28/12/2020	1.085,00	2312	22604	PEREZ PADRON, M ^a PURIFICACION	HONORARIOS SERVICIOS PRESTADOS POLA LETRADA NA ÁREA DE IGUALDADE DO CONCELLO NO MES DE DECEMBRO 2020.
F/2021/425	2021/01	07/01/2021	1.573,00	150	22706	ALVAREZ GONZALEZ, OSCAR	HONORARIOS CONTRATO PRESTACIÓN SERVICIOS ASISTENCIA TÉCNICA DE ENXEÑERÍA, MES DE DECEMBRO 2020
		TOTAL	2.658,00				

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:00 horas levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.